

**Fundación Olga Gallego**

Padroado da Fundación Olga Gallego  
CIF : G70402698

**2016**



# Memoria abreviada anual ejercicio de 2016

O secretario

Visto e prace:  
O presidente

# FUNDACIÓN OLGA GALLEGOS

## Contido

1.	ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN .....	3
1.1.	Constitución .....	3
1.2.	Interese cultural.....	3
1.3.	Padroado.....	3
1.4.	Fins .....	4
1.5.	Actividades.....	4
1.5.1.	Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos .....	5
1.5.2.	Sinatura de novos convenios de colaboración. ....	5
1.5.3.	Realización dunha xornada monográfica en colaboración con outra/s entidade/s.....	5
1.5.4.	Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. ....	6
1.5.5.	Publicación dun novo número do Boletín Auriense. ....	8
1.5.6.	Publicación en papel das actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.....	8
1.5.7.	Difusión web da Fundación e das súas actividades .....	9
1.6.	Sede da Fundación .....	9
2.	BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.....	10
3.	EXCEDENTE DO EXERCICIO.....	10
3.1.	Partidas principais.....	10
3.2.	Proposta de aplicación do excedente:.....	10
4.	NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN .....	10
a)	Inmobilizado intanxible:.....	10
b)	Inmobilizado material .....	10
c)	Investimentos inmobiliarios:.....	11
d)	Ingresos e gastos:.....	11
5.	INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.....	11
2.4.1.	Movemento: .....	11
9.	FONDOS PROPIOS .....	12
10.	SITUACIÓN FISCAL.....	12
10.1.	Imposto sobre beneficios.....	12
10.2.	Outros tributos.....	12
11.	INGRESOS E GASTOS .....	12

12. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNNS E LEGADOS.....	12
13. OUTRA INFORMACIÓN.....	12

O secretario

Visto e prace: o presidente

## **1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.**

### **1.1. Constitución**

A Fundación Olga Gallego constitúuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada perante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

### **1.2. Interese cultural**

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014), que adscribiu ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

### **1.3. Padroado**

O artigo 12 dos Estatutos da Fundación fixou a composición inicial do seu Padroado. A Resolución do 15 de febreiro de 2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou a súa modificación puntual, acordada polo Padroado anteriormente. Así, pois, na data de redacción desta memoria, a composición é a seguinte:

CARGO	APELIDOS E NOME	ENTIDADE Á QUE REPRESENTA	DATA ACEPTACIÓN
PRESIDENTA HONORARIA	Dª Pilar Gallego Domínguez		10-04-2014
PRESIDENTE	D. Pedro López Gómez		24-02-2014,
VICEPRESIDENTA	Dª Dolores Pereira Oliveira		14-03-2014
SECRETARIO	D. Gabriel Quiroga Barro		14-03-2014
VOGAL	Dª Mª del Mar García Miraz		14-03-2014
VOGAL	Dª Olimpia López Rodríguez		14-03-2014
VOGAL	Dª Isabel Buján Bernárdez	Asociación de Arquiveiros, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas de Galicia (BAMAD)	10-04-2014

CARGO	APELIDOS E NOME	ENTIDADE Á QUE REPRESENTA	DATA ACEPTACIÓN
VOGAL HONORARIA	Dª Minia Martul Tobío		07-11-2014

#### 1.4. Fins

A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:

1. A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
2. O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
3. O fomento e estudo da Arquivística.
4. O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.
5. Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:
  - a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.
  - b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
  - c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
  - d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
  - e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.
  - f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
  - g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e os arquivos.
  - h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e os profesionais dos arquivos
  - i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

#### 1.5. Actividades

De acordo co plan de actuacións aprobado na xuntanza do 18 de decembro de 2015, as previstas para o ano 2016 foron as seguintes:

1. Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.
2. Sinatura de novos convenios de colaboración.
3. Realización dunha xornada monográfica en colaboración con outra/s entidade/s

4. Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos.
5. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.
6. Publicación das actas en papel das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos
7. Difusión web da Fundación e das súas actividades.

#### **1.5.1. Publicación das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos**

No mes de marzo publicouse na páxina web da Fundación (<http://www.fundacionolgagallego.gal>) a versión electrónica das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos. Celebradas os días 1 e 2 de outubro de 2015, estas primeiras xornadas contaron coa participación como relatores de Carlos Amoedo Souto, Severiano Fernández Ramos, Daniel de Ocaña Lacal, Elena Rivas Palá e Javier Barbadillo Alonso.

Ademais, participaron con comunicáns José Luis Mínguez Goyanes, Anahí Casadesús de Mingo, Alfredo Romero Gallardo e Ángel Arcay Barral.

A empresa adxudicataria do deseño e maquetación resultou ser Salgado y Santana S.C. e o custo total ascendeu a 968 euros.

A publicación fíxose en formato A4 e en pdf. Consta de 185 páxinas.

#### **1.5.2. Sinatura de novos convenios de colaboración.**

O día 10 de xuño asinouse en Vigo un convenio marco coa Fundación Penzol, que ten a súa sede naquela cidade. Como no caso dos convenios asinados ata agora con outras entidades, este acordo contempla a actuación conxunta para o desenvolvemento de actividades de interese mutuo e, en concreto:

- a) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación bilaterais ou multilaterais.
- b) Cooperar en xornadas de divulgación, congresos e programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.
- c) Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas as dúas entidades.
- d) Intercambio recíproco de libros, publicacións e outros materiais de investigación, sempre que non haxa compromisos anteriores que o impidan.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente acordo.

#### **1.5.3. Realización dunha xornada monográfica en colaboración con outra/s entidade/s**

O día 14 de outubro tivo lugar en Ourense unha xornada monográfica sobre o patrimonio moble organizada convxuntamente pola Fundación e o Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense. Desenvolveuse pola mañá na sede do Liceo Recreo Ourensán.

A xornada abriuse coa presentación das Actas en papel das I Xornadas Olga Gallego de Arquivo, nun volume dos Anexos do Boletín Avriense, o número 36.

Seguidamente, ás 12 horas, houbo unha conferencia da Dra. Concepción Varela Orol, profesora da Universidade da Coruña e exdirectora da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, sobre o tema: "Coleccionismo e libros raros no século XVIII".

A continuación houbo unha mesa redonda sobre o tema "Coleccionismo: afición, educación, patrimonio, mecenado", coa participación de representantes da Asociación Filatélica "Miño", do Grupo Marcelo Macías e da Fundación Olga Gallego.

Ao remate fíxoselle un recoñecemento público á fundadora Pilar Gallego Domínguez, coa presentación da Fundación Olga Gallego en Ourense e do número 45 do Boletín Auriense, publicado polo Grupo Marcelo Macías co apoio da Fundación.

#### 1.5.4. Realización das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos.

As II Xornadas Olga Gallego de Arquivos celebráronse na Coruña, na sede do Reitorado da Universidade, os días 21 e 22 de outubro. Baixo o título de *Os archivos da Administración local: política, planificación e sistemas fronte ao cambio*, as Xornadas reuniron a 32 persoas, das que 13 eran inscritas e o resto comunicantes, relatores ou membros da organización.

A escasa repercusión contrasta coa calidade e interese dos relatorios e comunicacóns presentados, de acordo co seguinte programa:

##### Programa

Programa das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	
<b>Venres, 21 de outubro</b>	
10-10:45 h.	Presentación <b>Pedro López Gómez</b> Presidente da Fundación Olga Gallego
10:45-11 h.	Inauguración <b>Reitor da Universidade da Coruña</b>
11-12 h.	Pausa
12-12:30 h.	Conferencia inaugural <b>Antonia Heredia Herrera.</b>
12:30-13:15 h.	De archivos municipais e da Lei de Archivos e Documentos de Galicia <b>Antonio Maranhão Peixoto</b> Cámara Municipal de Esposende (Portugal)
13:15-14:00	<i>Os Arquivos Municipais na consolidación da democracia portuguesa</i> <b>José Luis Castro Carpintero</b> <b>Lourdes Pérez-Santamarina Feijoo</b> Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra
<i>Os archivos da Administración local na provincia de Pontevedra:</i>	

Programa das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	
actuacións e situación actual	
<b>14:00-16:30</b> h.	Pausa
<b>16:30-17:15</b> h.	<b>Paloma Fernández Gil</b> Arquivo Municipal de Alcorcón Grupo de Arquiveiros Municipais de Madrid
	<i>A xestión integral de documentos nun mundo anfibio</i>
	<b>Marina García Pita</b> <b>Marisé Piñón López</b>
<b>17:15-18:00</b> h.	Subdirección Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia
	<i>Os arquivos municipais no Sistema de Arquivos de Galicia: novos retos.</i>
<b>18:00-18:15</b>	<b>Presentación comercial: UNAYTA</b> Comunicación
<b>18:15-18:30</b>	<i>Tesouros no faiado: as doazóns documentais da veciñanza ao Arquivo Municipal de Teo (A Coruña)</i>
<b>19 h</b>	<b>Visita guiada:</b> Arquivo Municipal da Coruña
	<b>Arquivo do Reino de Galicia</b> Sábado, 22 de outubro
<b>10:00-10:45</b>	<b>Luís Martínez García</b> Arquivo Xeral de Castela-A Mancha
	<i>Políticas públicas e arquivos en Castela-A Mancha (1983-2015)</i>
<b>10:45-11:15</b>	Pausa
<b>11:15-12:00</b>	<b>Carlos Alcalde Martín-Calero.</b> Arquivo da Deputación Provincial de Valladolid
	<i>Os programas de colaboración arquivística de deputacións e comunidades autónomas cos municipios en España</i>
<b>12:00-13:00</b>	Comunicacións
<b>12:00-12:15</b>	<b>Jorge Barrecheguren Fernández</b> <i>El Archivo del Consorcio de la Zona Franca de Vigo</i>
	<b>Ernesto Vázquez-Rey Farto</b>
<b>12:15-12:30</b>	<i>O dereito de acceso á información nas entidades locais, apóis a entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo</i>
	<b>Pedro Cobo Martínez, Francisco José Gallo León, Carlos Jesús Más González</b>
<b>12:30-12:45</b>	<i>Desarrollo e implantación de la aplicación informática para la Gestión de Archivos de las Entidades Locales de Castilla-La Mancha (ARCEL)</i>
	<b>Pere Pastallé Sucarrats, Jaume Enric Zamora Escala</b>
<b>12:45-13:00</b>	<i>La Red de Archivos Municipales de la Diputación de Barcelona</i>
<b>13:00-14:00</b> h.	Mesa redonda

Programa das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	
14:00	Clausura
14:30	Viño galego

### Comité científico

Estivo formado polas seguintes persoas:

- Javier Barbadillo Alonso. Archivo Municipal de Guadalajara
- Verónica Mateo Ripoll. Universidad de Valencia.
- Isabel Murillo García-Atance. Archivo Municipal de Logroño
- Riansares Serrano Morales. Archivo Histórico Provincial de Guadalajara
- Enrique Sotelo Resurrección. Archivo Municipal de Pontevedra

### Organización

O comité organizador, integrado polos membros do Padroado da Fundación, contou coa colaboración da empresa When&Where, contratada para o efecto; da Universidade da Coruña, coa que se asinara previamente un convenio marco de colaboración, e co patrocinio das empresas Datalib Servicios Documentales, S.L.e UNAYTA.

### Actas

A edición electrónica das Actas das Xornadas contratouse coa empresa Salgado por 968 euros. Se ben os traballos preparatorios estiveron praticamente rematados a final de ano, non foi posible culminar a publicación na web da Fundación ata primeiros de xaneiro do ano 2017.

#### 1.5.5. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.

No marco do convenio marco asinado co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense o 28 de outubro de 2015, publicouse no mes de febreiro o número 45 do Boletín Auriense, publicación científica que impulsa aquel Grupo. Imprimíronse 650 exemplares. O seu custo ascendeu a 5.423,28 €. Recolle artigos dos seguintes autores: José Suárez Otero, Juan Manuel González Carballo e Eduardo González Clavijo, José Carlos Bermejo Barrera, Purificación Rodríguez e Francisco Fariña, Roda Villar Quinteiro, Verónica del Río Canedo e Xoel Rodríguez Martínez, Clodio González Pérez, Justo Carnicer Méndez-Aguirre, Juan M. Moreno González, Francisco Fariña Bustos e Mª José Sierra Rodríguez, Mª Cruz Bangueses Cobela, Carlos Viscasillas Vázquez, José Ramón Hernández Figueiredo, Rafael Romero Suances, Manuel Roberto Doce Fernández, Xoana Rodríguez Romero, Juan Antonio de Jesús González, Rosa Aricia Rodríguez Romero e Vicente Rodríguez Gracia.

#### 1.5.6. Publicación en papel das actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos

Ademais da edición electrónica das Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos, houbo outra en papel, en aplicación do convenio de colaboración asinado co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e o Arquivo Provinciais de Ourense.

A adaptación da maqueta e a impresión encargáronse a empresa IKONO de Santiago de Compostela. A primeiros do mes de xuño, entregou os 650 exemplares comprometidos: unha caixa directamente ao Padroado e os restantes ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, desde onde se distribuíron a fins de ano a diversos centros culturais, incluíndo máis de 200 arquivos de toda España.

O custo da edición foi de 2.678,84 euros, realizada de acordo coas seguintes características:

- Formato: 17 x 24 cm.
- Núm. de páxinas: 272
- Papel interior: creator silk 100 gr
- Papel lapas: estucado mate 300 gr
- Impresión: portada 4/0T int 1/1T
- Remate: rústica cosida-port plas brilo + lapela 10 cm

#### **1.5.7. Difusión web da Fundación e das súas actividades**

Durante o ano 2016 continuou a difundir as súas actividades a través do seu sitio web e das redes sociais.

En canto á primeira, ademais de dar conta de forma continuada das actividades da Fundación, desde o mes de xullo ampliouuse a oferta de noticias na sección titulada: *Actualidade arquivística*. Son novas doutras entidades do sector mediante que se reciben automaticamente mediante a subscrición a unha canle RSS. A modificación incluíu a incorporación na parte privada da páxina dunha ferramenta que permite administrar de forma sinxela os provedores desas noticias. As novas ordénanse por data de publicación descendente.

A mellora da páxina, encargada á empresa Enxenio tivo un custe de 272,25 euros.

Ademais, a Fundación xestiona directamente unha conta na rede Facebook e outra en Twitter, desde onde se informa con frecuencia case diaria das actividades da Fundación ou de noticias de interese arquivístico ou relacionadas co patrimonio documental.

#### **1.6. Sede da Fundación**

A fundación ten o seu domicilio na rúa Rosalía de Castro, 13, Baixo. 15004. A Coruña.

## **2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**

a) Imaxe fiel:

As contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

b) Principios contables non obligatorios aplicados:

Aplicáronse, en todo caso, os principios contables obligatorios.

c) Comparación da información:

A principal diferenza entre os exercicios de 2015 e de 2016 é que no primeiro houbo un resultado positivo de 95.724,32 euros, grazas, fundamentalmente, á doazón de 107.000 euros que a fundadora, dona Pilar Gallego Domínguez, fixo a favor da Fundación. Desa cantidade, 100.000 euros o foron por escritura pública outorgada ante o notario da Coruña, don José Manuel Lois Puente, o 28 de outubro de 2015. Mentres que no exercicio de 2016, como se reflicte máis abaixo, houbo un resultado negativo de 20.608,70 euros.

## **3. EXCEDENTE DO EXERCICIO**

### **3.1. Partidas principales**

As principais partidas que forman o excedente do exercicio e os seus aspectos significativos son:

A Fundación pecha o exercicio 2016 cun resultado negativo por importe de 20.608,70 €.

### **3.2. Proposta de aplicación do excedente:**

Non procede aplicación, xa que non obtivo excedente no ano 2016.

## **4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**

a) Inmobilizado intangible:

A partida recolle o importe total do deseño dunha páxina web, que comezou a amortizarse no ano 2015. Segundo as táboas de amortización contables, corresponde ao 2016 unha cota de amortización de 636,22 €, polo que resulta unha amortización acumulada de 958,69 euros.

b) Inmobilizado material

Non figura contabilizado ningún inmobilizado material.

c) **Investimentos inmobiliarios:**

Non figura contabilizada ningunha partida de investimentos inmobiliarios.

d) **Ingresos e gastos:**

**Conta de Perdas e Ganancias**

**Período: de xaneiro a decembro**

**Data: 31/12/2016**

Conta de Perdas e Ganancias	2016
1. Importe neto da cifra de negocios	975,20
70000001 CURSOS E CONFERENCIAS	588,00
70100000 AXUDA PATROCINADORES	387,20
4. Aprovisionamentos	-11.825,21
60200000 COMPRAS DE OUTROS	
APROVISIONAM.	-162,59
60700000 TRABALLOS REALIZADOS POR	
OUTRAS	-11.662,62
7. Outros gastos de explotación	-9.022,60
62100000 ARRENDAMENTOS E CÁNONS	-402,84
62200000 REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	-786,50
62300000 SERVIZOS PROFESIONAIS INDEP.	-432,00
62310000 SERV.PROFESIONAIS PONENTES	-2.295,76
62710000 DIETAS CONGRESISTAS	-5.016,67
62810000 CORREOS	-9,66
62900000 OUTROS SERVICIOS	-79,17
8. Amortización de inmovilizado	-636,22
68000000 AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO	-636,22
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>-20.256,28</b>
15. Gastos financieros	-99,87
66900000 OUTROS GASTOS FINANCIEROS	-99,87
<b>B) RESULTADO FINANCIERO</b>	<b>-99,87</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>-20.608,70</b>
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO</b>	<b>--20.608,70</b>

**5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.**

**2.4.1. Movemento:**

O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio, foi o seguinte:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmobiliizado material				
Inmobiliizado intanxible	3.181,09			3.181,09
Investimentos inmobiliarios				
TOTAIS	3.181,09			3.181,09

## **9. FONDOS PROPIOS**

O saldo desta partida é de 200.000 euros, e procede da dotación fundacional por parte da socia fundadora Dona Pilar Gallego Domínguez.

## **10. SITUACIÓN FISCAL**

### **10.1. Imposto sobre beneficios**

O réxime fiscal aplicable á entidade é o réxime especial de entidades parcialmente exentas.

### **10.2. Outros tributos**

Non ten saldo dita partida.

## **11. INGRESOS E GASTOS**

Na conta de Perdas e Ganancias, exposta no apartado d) desta memoria recóllese as diferentes partidas de Ingresos e Gastos do presente exercicio 2016.

## **12. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNNS E LEGADOS**

Este ano, a devandita partida non recolle saldo ningún.

No apartado de Ingresos da conta de perdas e ganancias recóllese as axudas de patrocinadores e as matrículas de cursos e conferencias.

## **13. OUTRA INFORMACIÓN**

Xuntamos o balance de situación da fundación:

### ***Balance de Situación***

### ***Balance de Situación***

**Empresa: FUNDACION OLGA GALLEG**

**Actividad: 999 - OUTRAS ACTIVIDADES**

**ASOCIATIVAS**

**Período: de xaneiro a decembro**

**Data: 24/04/2017**

O secretario

Visto e prace: o presidente

**Balance de Situación**

Activo	2016
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>152.222,40</b>
I. Inmobilizado intanxible	2.222,40
2060 APLICACIÓN INFORMÁTICAS	3.181,09
2806 AMOR. ACUM. APPLICAC. INFORMÁT.	-958,69
V. Inversións financeiras a longo prazo	150.000,00
2580 IMPOSICIÓN A LONGO PRAZO	150.000,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>404,73</b>
III. Debedores comerciais e outras contas a cob.	175,07
3. Outros debedores	175,07
4730 HP, RETENCIÓNS E PAGOS CONTA	175,07
VII. Efectivo e outros activos líquidos equival.	122.436,60
5720 BCOS E INS.CRÉD. C/C VIS.,EURO	122.436,60
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>274.834,07</b>
Pasivo	2016
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>274.429,34</b>
A-1) Fondos propios	274.429,34
I. Capital	200.000,00
1. Capital escriturado	200.000,00
1010 FONDO SOCIAL	200.000,00
V. Resultados de exercicios anteriores	95.038,04
1210 RDOS NEGATIVOS EXS. ANTERIORES	-686,28
1290 RESULTADO DO EXERCICIO	95.724,32
VII. Resultado do exercicio	-20.608,70
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>404,73</b>
V. Acredores comerc. e outras contas a pagar	418,38
1. Provedores	67,23
b) Provedores a curto prazo	67,23
4000 PROVEDORES (EUROS)	67,23
2. Outros acredores	337,50
4751 FACENDA PÚBLICA, ACREDORA P	337,50
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>274.834,07</b>

No pasivo do Balance na partida de Provedores recóllense dúas facturas pagadas polo presidente xa reflectidas nas contas do ano 2015, que seguen pendentes de aboar.

E na partida da Facenda Publica, recóllense as retencións descontadas no pago aos profesionais, e aboadas á Facenda Publica o 20 de Xaneiro do 2017, xa pagadas neste momento a través da conta bancaria.

A Coruña, 13 de maio de 2016